

CADRO DE CARACTERÍSTICAS

DO PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES DE XENÉTICA FONTAO, S.A., QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO PARA O CONTRATO PRIVADO DUN SUMINISTRO SUCESIVO POR PRECIOS UNITARIOS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE NITROXENO LÍQUIDO PARA A SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONOMICA XENÉTICA FONTAO, S.A. (XF 1/2020)

LICITACIÓN ELECTRÓNICA

1. ENTIDADE CONTRATANTE E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1.1 Entidade contratante

XENÉTICA FONTAO S.A.

1.2 Órgano de contratación

CONSELLO ADMINISTRACIÓN DE XENÉTICA FONATO, S.A.

1.3 Unidade xestora:

XERENCIA DE XENÉTICA FONTAO, S.A

1.4 Perfil de contratante.

<http://www.xeneticafontao.com/esp/perfil.php>

<https://www.contratosdeg Galicia.gal/portada.jsp?lang=é>

1.5 Responsable do contrato

XERENCIA DE XENÉTICA FONTAO SA

DIRECTOR TÉCNICO DE SELECCIÓN E MELLORA XENÉTICA

2. REFERENCIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE XF 1/2020

3. PROCEDEMENTO DE ADJUDICACIÓN

Para a adjudicación da presente contratación aplicárase o procedemento aberto conforme o disposto nos artigos 131 e 156 a 158 da LCSP.

4. NECESIDADES A SATISFACER

Xenética Fontao, SA, mantén de 200 sementales selectos nas súas instalacións para a produción de doses seminais para a inseminación artificial sendo necesario para a súa conservación e almacenamento o suministro de Nitróxeno Líquido.



5. OBXECTO DO CONTRATO

5.1 Obxecto do contrato

O obxecto do presente contrato é a subministración sucesiva e por prezo unitario, en función das necesidades, dun suministro dun suministro sucesivo por prezos unitarios para a subministración de nitróxeno líquido para a sociedade mercantil pública autonómica XENÉTICA FONTAO, S.A.

5.2 Nomenclatura: CPV: 24111800-3

6. DURACIÓN, PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

6.1 Prazo de execución

6.1.1. Data a partir da cal entra en vigor: Desde a súa formalización

6.1.2 Duración do contrato: CATRO anos (4 anos)

6.2 Prórroga: NON

6.3. Prazos de entrega:

O prazo máximo para realizar a entrega será de 7 días hábiles, a contar desde o envío do correo electrónico do pedido. As entregas realizaranse de luns a venres, dentro do horario de funcionamento de Xenética Fontao (8:00 H A 15:30 HORAS).

No caso de vencer o prazo en sábado, domingo ou festivo, a entrega deberá efectuarse o primeiro día hábil seguinte.

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO E PREZO

7.1. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (Art. 100 LCSP)

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (SEN IVE)	178.000,00
IVE(21%)	37.380,00
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (CON IVE)	215.380,00

Desagregación por anualidades (no seu caso): SI según prego técnico.

7.2. Consumos estimados:

Xenética Fontao precisa preto de 90 toneladas de nitróxeno líquido / ano.

7.3 VALOR ESTIMADO (Art. 101 LCSP)

MODIFICACIÓN PREVISTA DO 20%

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (SEN IVE)	178.000,00
IMPORTE MODIFICACIÓN (20%)	35.600,00
VALOR ESTIMADO DA CONTRATACIÓN(IVE EXCLUIDO)	213.600,00

7.4. Prezo unitario da unidade: 610 €/TM.



7.5 Revisión de Prezos: NON

Os prezos da presente contratación non serán obxecto de revisión de acordo co establecido nos artigos 103 e 104 da LCSP.

8. APLICACIÓN ORZAMENTARIA OU EQUIVALENTE

A presente subministración será financiada coas dotacións previstas nos orzamentos de explotación e capital de XF.

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

9.1 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR: non hai.

9.2 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Criterio	Ponderación/bandas de valores
1.- <u>Oferta económica</u>	ata 75 puntos
2.- <u>Reducción do prazo de entrega</u>	ata 10 puntos
3.- <u>Outros criterios</u>	ata 15 puntos
Total	ata 100 puntos

9.3 FORMA DE AVALIAR AS PROPOSICIÓNS

As fórmulas para a valoración das proposicións ou o modo en que se valoran respecto aos criterios de adxudicación son os seguintes:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS



CRITERIO	PUNTUACIÓN
1.- Oferta económica 1. A oferta económica valorarase de acordo a seguinte fórmula, outorgándose 0 puntos ás ofertas que igualen o orzamento de licitación e a máxima puntuación (75 puntos) á mellor oferta, de acordo coa fórmula e os criterios que de seguido se indican, tendo en conta que todos os valores numéricos se redondearán aritmeticamente ao segundo decimal: $V_i = (POE \cdot (PL - O_i)) / (PL - O_{FAV}),$ sendo: V_i = puntuación da proposición a valorar. POE = puntuación máxima da oferta económica. PL = orzamento de licitación. O_i = proposición a valorar. O_{FAV} = mellor oferta. Serán inadmitidas as proposicións nas que se oferte un prezo total superior ao orzamento base de licitación, IVE excluído. Así mesmo tamén serán inadmitidas as proposicións que oferten un prezo unitario, IVE excluído, superior o establecido no prego de prescripcións técnicas.	Ata 75 puntos
2.- Reducción do prazo de entrega • Reducción do prazo nun 25%: 5 puntos • Reducción do prazo nun 50%: 10 puntos	10 puntos
3.- Outros criterios: Aportación de un dispositivo con marcado CE para rellenar en maneira automática los recipientes Dewar ata maximo 47 litros de nitróxeno líquido en condiciones de seguridad laboral y ambiental, evitando así el relleno manual de los recipientes según descripción de características mínimas recogidas en el ANEXO I del Pliego de Prescripciones Técnicas.	15 puntos

DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN



A documentación relativa aos criterios de adxudicación que debe presentarse é a seguinte (indícase tamén o sobre en que debe incluírse):

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Documentación	
A Oferta económica e outros criterios avaliados de forma automática (de acordo co Anexo III)	Sobre B
A Documentación técnica que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no PPT.	

OUTRA DOCUMENTACIÓN (Non correspondente a criterios de adxudicación)

Documentación	
DEUC (anexo I) e declaración complementaria (anexo II)	Sobre A

Nota: En ningún caso se poderá incluír neste sobre A información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que o licitador lograría en base a criterios evaluables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta exigencia será causa de exclusión.

9.3. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

Consideraranse proposicións económicas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais, á media aritmética das ofertas económicas presentadas.

En tales supostos, daráselle/s audiencia ao/ os licitador/es que a/s presenten, para que presente/n por escrito xustificación da valoración da oferta e precise/n as súas condicións, co fin da estimación polo órgano de contratación sobre a posibilidade do cumprimento, segundo o procedemento establecido no art. 149.4 da LCSP.

Considerarase en todo caso a oferta como desproporcionada ou anormal cando se comprobe que o licitador vulnera as obrigacións aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes (art.149.4 LCSP).

9.4. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS

Cando sexa preciso para os efectos da solución de empates, a proposta de adxudicación realizarase a favor do empresario que acredite a circunstancia seguinte (indicar unha ou a orde de preferencia):



1º) Número de traballadores con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1.a) e o Acordo do Consello da Xunta de 8/4/2010 así como o previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

2º) Empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.

En relación a empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes poderase acreditar por algún destes medios (Art. 147.1.e).

3º) Acreditación de certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade o equivalente.

4º) Acreditación da obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade o equivalente.

5º) Acreditación da adopción das medidas de conciliación previstas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (concretar estas medidas).

No suposto de que unha vez aplicados todos os criterios anteriores existisen dúas ou máis entidades con idéntica puntuación, para a identificación da oferta máis vantaxosa acudirase á puntuación acadada respecto do criterio 1 (oferta económica), resolvéndose a favor do licitador que a obtivera máis alta.

9.5. Prazo para a adxudicación do contrato desde a apertura de proposicións: 15 días.

10.MOSTRAS

10.1. Procede entregar mostras: Non.

11.PRAZO DE GARANTÍA

11.1. Procede definir prazo de garantía: NON PROCEDE.

11.2. En caso positivo indicar prazo de garantía:



12. LUGAR DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN

O material deberá ser entregado no Laboratorio de Xenética Molecular no seguinte enderezo da sociedade mercantil pública Xenética Fontao SA:

Fontao-Esperante - 27 210 - Lugo

O enderezo indicado pode variar, se é o caso, por cambios estruturais ou organizativos da sociedade mercantil pública Xenética Fontao SA ou da Consellería do Medio Rural. De producirse tal circunstancia, comunicarse oportunamente ao adxudicatario o novo lugar de entrega.

13. RÉXIME DE PAGAMENTO

13.1 Por cada entrega emitírase unha factura parcial pola cantidade de unidades entregadas, realizándose o pagamento polas SUBMINISTRACIÓNS efectivamente prestadas.

No presente contrato o adxudicatario obrígase a entregar os artigos especificados no punto 2 do PPT de forma sucesiva e por prezo unitario, de xeito que o número total de entregas a realizar está subordinado ás necesidades de Xenética Fontao durante o período de duración do contrato. A indicación do orzamento máximo no punto 7 deste cadro de características unicamente indica o importe máximo do gasto que pode alcanzarse co presente contrato, non o importe mínimo a pagar ao adxudicatario pois ese importe dependerá das subministracións efectivamente prestadas.

Xenética Fontao, S,A, terá a obrigaón de abonar o prezo do contrato dentro do prazo legalmente establecido a contar desde a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade coas subministracións realizadas, sen prexuízo do establecido no artigo 210.4 da LCSP, e se se demorase, deberá abonar ao contratista os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electrónicamente no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigaóns de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as Unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico, as agrupacións de interese económico europeas, as persoas xurídicas e entidades sen personalidade Xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.



As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non estean obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010, DOG núm. 31) e a información sobre o mesmo será a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Xunta de Galicia: <https://www.conselleriadeconomia.es/factura> dirixido á XENÉTICA FONTAO, S.A.

Nas facturas deberá constar o órgano de Xestión do Contrato (Dirección Xerente de Xenética Fontao, SA
LG. FONTAO- ESPERANTE-27210 LUGO

13.2 Órgano con competencias en materia de contabilidade pública:

Intervención Xeral de la Comunidade Autónoma

14.SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

14.1. Sistema de acreditación

Forma de presentación: A documentación acreditativa presentarse asinada e nos idiomas galego ou castelán. A documentación que non este redactada ou traducida de forma oficial a un dos idiomas oficiais de Galicia non será tida en conta e terase como non presentada.

Medio: Volume anual de negocios do licitador no curso do tres últimos anos. O volume anual de negocios acreditarase mediante certificación expedida polo Rexistrador Mercantil acreditativa do depósito das súas contas anuais (incluíndo contas) aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario as depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Criterio: Reputarase solvente ao licitador que acredite un volumen anual de negocios, que referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos, sexa a lo menos unha vez o valor estimado do contrato.

No caso de empresas cuxo período de actividade non abranza os últimos tres anos, é necesario que presente a cifra global de negocios do período de actividade da empresa, que deberá de ser igual ou superior nun exercicio ao valor estimado do contrato (**213.600,00 €**).

Se o período de actividade do licitador é inferior a un ano, deberase alcanzar ou superar igualmente a contía ao valor estimado do contrato.



15.SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

15.1. Sistema de acreditación

Forma de presentación: A documentación acreditativa presentárase asinada e nos idiomas galego ou castelán. A documentación que non este redactada ou traducida de forma oficial a un dos idiomas oficiais de Galicia non será tida en conta e terase como non presentada.

Medio:

- A solvencia técnica ou profesional do licitador deberá xustificarse mediante unha declaración responsable que recolla unha relación das SUBMINISTRACIÓNS de contido técnico análogo ao que é obxecto de licitación, realizados nos últimos 3 anos que inclúa importe, datas e ou destinatario, público ou privado, dos mesmos.

Relación das subministracións similares executadas no curso dos últimos tres anos, acompañada de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do licitador				
Denominación e obxecto concreto	Importe	Data de inicio (día/mes/ano)	Data de finalización da execución (día/mes/ano)	Destinatario

Cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, as subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente.

Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos no seu poder que acrediten a realización da prestación.

O citado período de tres anos abranguerá:

- Respecto do ano 2017, dende o día equivalente ao seguinte ao de finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31/12.
- Os anos 2018 e 2019 completos.
- E o período transcorrido do ano 2020 ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Criterio: Reputarase solvente o licitador que acredite nas condicións sinaladas, ter executado, no ano de maior execución do período antes indicado, subministracións por un importe igual ou superior ao 70% do valor anual medio do contrato, IVE excluído **(39.200,00 €)**.



Aos efectos de considerar que subministracións son de igual ou similar natureza ás que constitúen o obxecto da presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos contratos referidos e tomarase como criterio de correspondencia entre as subministracións executadas polo/a empresario/a e as que constitúen o obxecto da presente contratación, sempre que sexa posible, a igualdade entre os tres primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV: 24111800-3.

15.2. Compromiso de adscrición de medios (artigo 76 da LCSP): **NON**

16. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

NON

17. CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS

17.1 GARANTÍA PROVISIONAL

Non procede constituír garantía provisional.

17.2 GARANTÍA DEFINITIVA

18.2.1. Constitución de garantía definitiva: Si

17.2.2. Importe da garantía definitiva: 5% do orzamento base de licitación excluído o IVE.

A garantía definitiva prestarase mediante calquera das formas reguladas polo art. 108.1 da LCSP.

18. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

18.1 Cesión do contrato. Non se permite.

18.2 Subcontratación

Permítese nas condicións seguintes: sempre que se cumpran as condicións xerais que a LCSP contempla no artigo 215.

19. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

19.1 Modificación prevista (art. 204 LCSP):

PREVESE UNHA MODIFICACIÓN DO 20%, en caso necesario por razón de produción que determine aumentos do consumo previsto inicialmente, e previa autorización do órgano contratante de Xenética Fontao, S.A. A citada modificación non poderá supo o establecemento de novos presos unitarios non previsto no contrato.

19.2. Modificación polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:



Aos efectos do disposto no artigo 31 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, consideraranse motivadas no interese público as modificacións das prestacións do presente contrato que teñan como finalidade o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións, no concernente a esta subministración ata un máximo do 20% do importe de adxudicación.

19.3. De conformidade co art. 301 da LCSP poderase incrementar o número de unidades a fornecer ata a porcentaxe do 10 por cento do prezo do contrato, a que se refire o artigo 205.2.c).3.º, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación.

20. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN E PENALIDADES

20.1 CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

- Cumprimento dos prazos de entrega do obxecto do contrato.

20.2. PENALIDADES

20.2.1 En caso de demora nas entregas parciais do obxecto da subministración, Xenética Fontao SA poderá impoñer penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do pedido realizado, IVE excluído.

20.2.2. No caso de que proceda a devolución do subministrado de acordo co previsto no punto 23.4 do presente cadro de características Xenética Fontao SA poderá, atendendo á gravidade do incumprimento, impor as penalidades previstas para ou caso de demora nas entregas parciais do obxecto do contrato.

No caso de que o produto entregado en substitución incumpra as esixencias do prego Xenética Fontao poderá optar, atendendo as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición dunha penalidade de contía equivalente ao 10 por cento do prezo do produto defectuoso e rexeitado.

21. CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas específicas de resolución do presente contrato:

- De acordo co indicado no apartado 20.2.2, non caso de que o produto entregado en substitución incumpra as esixencias do prego Xenética Fontao, S.A. poderá optar, atendendo as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición da penalidade prevista.
- O incumprimento polo adxudicatario da súa obriga de respectar o convenio colectivo de aplicación ao sector.

22. PROTECCIÓN DE DATOS



23. OUTRAS OBSERVACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE

23.1. Gastos de entrega: O adxudicatario disporá dos medios de transporte e persoal precisos para atender axeitadamente as entregas, de modo que quede sempre garantida a puntual recepción do material. Todos os gastos derivados do almacenamento previo e distribución, carga, transporte e entrega do material na correspondente unidade (no interior do edificio, no lugar destinado a almacenaxe) correrán por conta do adxudicatario e enténdense por tanto incluídos non prezo.

23.2. Realización de pedidos: Os pedidos realizaránse por persoa autorizada mediante escrito (a remitir por medios telemáticos, sen prexuízo da posibilidade de axilizar a petición mediante petición telefónica), no que deberán constar vos seguintes datos:

- a) Data e hora da solicitude;
- b) Listado de artigos e unidades respectivas a fornecer.

No momento de formalizar o contrato comunicárase ao adxudicatario a identidade da/s persoa/s autorizadas para a realización dos pedidos. Esta listaxe poderá variar durante a execución do contrato. O contratista non atenderá peticións realizadas por persoas distintas das autorizadas.

23.3 Recepción de pedidos: En cada entrega de material xuntarase un albará no que se reflectirán os seguintes extremos:

- a) Número de pedido
- b) Data e hora da solicitude
- c) Número de unidades fornecidas
- d) Data e hora de entrega

O albará presentarase por triplicado (un exemplar para o contratista, outro quedará en poder de xenética Fontao SA para a realización das comprobacións oportunos e outro que será remitido coa correspondente factura), e deberá ser asinado e selado pola persoa/s autorizada para a realización dous pedidos non momento da entrega.

23.4. Devolución e substitución de artigos:

Os produtos entregaranse garantido a súa calidade e a integridade das súas propiedades. Deberán manterse en todo momento as condicións especiais de conservación respecto daqueles produtos que o requiran; en especial, as condicións de temperatura durante o transporte.

No suposto de que sexa subministrado algunha unidade que incumpra as condicións esixidas ou ofertadas polo contratista, e sen prexuízo das penalidades que puideran impoñerse, este deberá substituílo polo axeitado,



consonte as características ofertadas, e entrégalo sen custo nun prazo equivalente ao de obrigado cumprimento na entrega.

24. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA OFERTA.

De conformidade co disposto nas disposicións adicionais 15ª e 16ª da LCSP, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando exclusivamente medios electrónicos, enumerando unha serie de supostos que permitirían exceptuar a dita obriga xeral, entre as que non se encontra o presente procedemento.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no presente prego de bases xurídicas e a súa presentación supón a aceptación non condicionada polo empresario, do contido da totalidade das devanditas cláusulas sen excepción ou reserva ningunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

As proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX no seguinte enderezo: www.conselleriadeconomia.es/silex.

O prazo de presentación ou envío será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS**, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, ampliándose o prazo ata o seguinte día hábil en caso de que o último día fose sábado, domingo ou festivo.

En ningún caso serán admitidas aquelas proposicións que fosen presentadas por algún medio distinto ao indicado neste apartado ou fóra de prazo de conformidade co sinalado neste prego.

Presentarase en **dous sobres ou arquivos electrónicos** de conformidade co establecido no presente prego.

Sobre electrónico A. - Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Sobre electrónico B. – Documentación de criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

25. CONTACTOS PARA CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

XERENCIA DE XENÉTICA FONTAO, S.A.

Tlfno. : +34 982 284 391 - Fax.:+34 982 284 626





Correo electrónico:

administracion@xeneticafontao.com ou jesus.vazquez.perez@xunta.gal



De conformidade co establecido no artigo 122 da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación acorda aprobar o presente cadro de características.

Santiago de Compostela, de de 2020

O presidente do Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A.

Silvestre José Balseiros Guinarte.

R. M. de Lugo, Tomo 254, Sección 8, Libro 0, Folló 72, Folla LU-5809, Inscripción 1ª - N.I.F. A-27222207

